

**Certame Literario Alberto Romasanta
LETRAS GALEGAS 2021
IES CAMPO DE SAN ALBERTO - IES VIRXE DO MAR, NOIA
BASES**

a.- Poderán concorrer a este certame literario os alumnos e alumnas matriculados/as en calquera dos dous centros educativos no presente curso académico 2020-2021

b.- Establécense tres niveis de participación nas modalidades de RELATO e POESÍA:

NIVEL 1.-Alumnado 1º e 2º de ESO e ESA 1

NIVEL2.-Alumnado 3º e 4º de ESO e ESA 2

NIVEL3.-Alumnado BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS.

c.- En cada nivel concederanse dous premios (que poderán quedar desertos) correspondentes ás modalidades de RELATO e POESÍA. A contía dos premios será de 60 e 30 euros. De estimarse oportuno, o xurado poderá outorgar algúns accésits.

d.- Os traballos enviaranse ao enderezo concursocampomar@gmail.com da seguinte maneira:

- No **asunto do correo** figurará o **título** do relato/poema
- No **contido do correo** (corpo) poñerase o **nome da/do concursante, curso, clase e INSTITUTO**.
- O **traballo** (sempre con título) enviarase como **anexo EN FORMATO PDF**. O nome do arquivo ten que conter o título do traballo. **NO ANEXO PDF NON FIGURARÁN DATOS PERSOAIS NIN NO NOME DO ARTIGO NIN NO TRABALLO.**
- As/os participantes poden resolver as súas dúbidas neste mesmo correo electrónico.

e.- O tema será libre. A extensión do **relato** será entre **1 e 3 folios** (letra 12, sobre espazo) e os **poemas** terán entre **10-40 versos** (un ou varios poemas no mesmo traballo). O mesmo alumnado poderá participar nas dúas modalidades.

f.- Os traballos poderán enviarse ata as **22:00 horas do día 2 de maio**.

g.- A entrega dos premios realizarase no IES Campo de San Alberto na semana das Letras Galegas. Está previsto que sexa presencial, sempre que as condicións sanitarias o permitan.

h.- O xurado estará formado por profesorado dos dous centros. A presentación ao Certame, implica a aceptación das devanditas bases.